



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL

En Santiago de Compostela e Lugo, [data/sinatura dixital]

REUNIDOS

Dunha parte, a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), con CIF Q1518001A, e sede en Pazo de San Xerome - Praza do Obradoiro, s/n, 15782-Santiago de Compostela e no seu nome e representación D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da USC, segundo Decreto 35/2022 do 17 de marzo da Xunta de Galicia (DOG do 22/03/2022), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro da Xunta de Galicia (DOG do 12/02/2014)

E, doutra parte, D. Luciano Fernández Pintor, actuando en representación da Federación Galega de Dano Cerebral (en adiante FEGADACE), entidade sen ánimo de lucro e declarada de utilidade pública, con CIF G70191051, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E5480, e con domicilio en Santiago de Compostela, Calle Galeras, nº17, 2º, oficina 5, 15705, nomeado mediante acordo tomado en Asemblea Xeral Extraordinaria de Socias do 19 de setembro de 2020, con arreglo aos seus estatutos.

Ambas partes recoñecen mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente Convenio, en nome das entidades que representan e

MANIFESTAN

Que a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento.

Que a Federación Galega de Dano Cerebral (en adiante FEGADACE) é unha entidade sen ánimo de lucro e é a federación que agrupa ás cinco asociacións de persoas con dano cerebral adquirido (DCA) e as súas familias en Galicia, declarada de Utilidade Pública en 2013 e dedicada á representación e defensa dos dereitos destas persoas. A súa misión é mellorar a calidade de vida das persoas con DCA e das súas familias, centrando a súa acción no desenvolvemento de proxectos e accións orientadas a: (i) incidencia política e reivindicación social para a defensa de dereitos; (ii) xeración e divulgación de coñecemento científico a través da investigación socio-sanitaria no eido do DCA; (iii) sensibilización, información e concienciación social, (iv) promoción da rehabilitación e reintegración social integral de las persoas con DCA, así como (iv) establecemento de alianzas estratéxicas e traballo en rede para aumentar o impacto e alcance das accións desenvolvidas.

Que ambas institucións consideran que a colaboración mutua pode contribuír á mellor realización das actividades propias de cada unha delas, así como á optimización dos seus recursos materiais e humanos.

Que co obxecto de poñer en práctica eses obxectivos, ambas partes acordan a sinatura do presente Convenio, sometido ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

A FEGADACE e a USC comprométense neste convenio a fomentar o intercambio de experiencias nos campos da docencia, a investigación, a divulgación e a información sobre o DCA e a Nutrición, dentro daquelas áreas nas cales ambas teñan interese manifesto. Será obxecto principal deste acordo prestar mutuamente o apoio e colaboración en actividades de información, formación, sensibilización, educación e promoción da saúde sobre o dano cerebral adquirido, que se contemplen no ámbito de actuación da USC.

Co fin de satisfacer estes obxectivos, ambas as partes comprométense, na medida dos medios de que poidan dispoñer e, conforme ás normas de cada entidade, a:

- a) Promover actividades de sensibilización, información e formación sobre o Dano Cerebral Adquirido no ámbito da comunidade universitaria en xeral, e do Grao de Nutrición e Dietética Humana do Campus de Lugo, en particular.
- b) Deseño conxunto actividades formativas tipo conferencias, seminarios e/ou obradoiros, ou de outra natureza académico-formativa, que conste desde o deseño de contidos, manuais,

materiais pedagóxicos diversos, con colaboración do profesorado da Facultade de Ciencias e/ou da USC, e profesionais de FEGADACE.

- c) Organización de sesións informativas/ obradoiros e/ou outras actividades formativas, sen ánimo de lucro, con participación de ambas entidades, dirixidas ao público en xeral.

Segunda.- Compromisos entre las partes

Coa finalidade de acadar os obxectivos pretendidos mediante a sinatura deste Convenio, ambas partes comprométense ao seguinte:

A FEGADACE comprométese, de acordo con este convenio, ao seguinte:

- Dinamizar e facer difusión, divulgación e sensibilización sobre o DCA, mediante sesións informativas e presentacións en facultades e escolas da USC, co visto bo dos responsables das mesmas.
- Desenvolver obradoiros e campañas informativas e de sensibilización sobre o DCA dirixidas ao alumnado universitario ao longo do curso.
- Colaborar e participar en xornadas, eventos, charlas informativas, ou de orientación profesional dirixidas preferentemente ao alumnado da USC.
- Desenvolver actividades culturais, como exposicións, ciclos de cine, etc. destinadas a sensibilizar e informar sobre o DCA entre a comunidade universitaria da USC.
- Ofertar os seus servizos e programas para a participación do voluntariado da USC.

Este convenio non suporá ningún gasto adicional para FEGADACE, polo que non se precisará asignación orzamentaria.

A USC, a través da Facultade de Ciencias do Campus de Lugo, concretamente do Grao de Nutrición e Dietética Humana, comprométese a través do presente convenio ao seguinte:

- Dinamizar e difundir información sobre as actividades sobre o dano cerebral adquirido organizadas no marco deste convenio, a través das canles de comunicación coas que conta a USC, fundamentalmente listas de correo, páxina web e, especialmente, redes sociais, entre outras.
- Ceder aulas ou espazos, con previa planificación e de acordo coa dispoñibilidade da universidade, para realizar determinadas accións formativas ou outras accións dentro do marco dos servizos de obradoiros, encontros, reunións ou xornadas organizadas entre ambas partes.

A cesión de espazos deberá ser conforme co establecido no Regulamento para a xestión e uso de espazos da USC, aprobado polo Consello de Goberno do 1 de outubro de 2021.

As actuacións concretas se formalizarán a través dos correspondentes convenios específicos.

Terceira.- Actuacións previstas

A duración e distribución temporal das actuacións previstas é de 24 meses.

Cuarta.- Obrigas económicas

Do presente Convenio non se derivan obrigas e compromisos económicos para ningunha das partes. No caso de planificarse accións que requiran unha asignación económica específica, farase unha análise conxunta entre as partes para distribución e acordo pertinente.

Quinta.- Resultados derivados do convenio

Os resultados derivados do desenvolvemento deste Convenio non incluídos no ámbito de aplicación da normativa de propiedade intelectual ou industrial corresponden a ambas partes, que poderán reproducilos e divulgalos para fins propios das mesmas.

Na difusión de resultados farase sempre mención ao presente Convenio.

Aqueles resultados obtidos susceptibles de protección respecto á súa propiedade intelectual ou industrial poñeranse, por parte dos interesados, en coñecemento dos responsables do Convenio, que adoptarán as medidas ao seu alcance para que se respecten os dereitos derivados da normativa vixente nesta materia.

Sexta.- Causas de resolución

Son causas de resolución do presente Convenio, en función do establecido no art. 12 apartado segundo do Regulamento para a xestión de convenios e protocolos xerais de actuación da USC e no art. 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen haberse acordado a prórroga do mesmo.
- O mutuo acordo das partes asinantes, manifestado por escrito.
- O incumprimento das cláusulas por parte dalgunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

- As causas previstas no Convenio e as establecidas na lexislación vixente.

Sétima.- Liquidación

O cumprimento e a resolución do Convenio dará lugar á liquidación do mesmo co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes segundo o estipulado no art. 52 da Lei 40/2015. Se cando teña lugar calquera das causas de resolución do Convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta dos responsables da Comisión de Seguimento do Convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para súa finalización; transcorrido o mesmo deberase proceder á liquidación das mesmas.

Oitava. – Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais de cada unha das partes que van desenvolver as actividades do presente convenio coa outra parte, de tal xeito que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

No suposto de que se establezan relacións de colaboración que impliquen o traballo en dependencias da USC, atenderase á normativa sobre prevención de riscos laborais.

Novena.- Entrada en vigor, vixencia, prórroga, denuncia e modificación do Convenio

O presente Convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de dous anos.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, os asinantes do Convenio poderán acordar a súa prórroga por un período de dous anos adicionais, acordo que debe ser formalizado por escrito, con anterioridade á expiración do prazo inicialmente convidado.

Non obstante o anterior, calquera das partes asinantes poderá dalo por terminado preavisando á outra de forma fidedigna con tres meses de antelación á data de resolución proposta. Serán os responsables do convenio os que determinen os efectos da extinción do Convenio sobre as actividades ou actuacións en curso.

A modificación do presente Convenio requirirá acordo unánime dos asinantes que será expresado por escrito e axuntado como Anexo ao presente Convenio.

Décima.- Responsables do convenio: Comisión de seguimento

Para a execución e seguimento do Convenio os responsables do mesmo por ambas partes serán:

a) Por parte da USC:

- Asteria María Luzardo Álvarez (profesora titular de Universidade)
- Patricia Regal López (profesora contratada doutora)
- Alexandre Lamas Freire (profesor axudante doutor)

b) Por parte de FEGADACE:

- Begoña Hermida Val (directora de FEGADACE)
- Leticia Vila Posada (técnica de formación de FEGADACE)
- Noelia Rivadas López (logopeda de FEGADACE)

Os responsables terán como función a programación (anual), potenciación, seguimento e avaliación das accións derivadas do presente Convenio, así como elevar informes e propostas aos órganos de decisión que correspondan. Así mesmo, serán os encargados de propoñer a solución amigable das controversias que puideran xurdir na interpretación e aplicación do Convenio.

Reuniranse cando o solicite algunha das partes e en todo caso, cando menos, unha vez ao ano.

Décimo primeira.- Transparencia, Publicidade e Imaxe Corporativa

O Convenio subscrito poderá ser posto a disposición dos cidadáns en aplicación do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á Información Pública e bo goberno (BOE 10/12/2013), e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno de Galicia.

As persoas que asina o presente Convenio manifestan o seu consentimento e autorización para incorporar no texto os seus datos persoais e o resto das especificacións contidas.

As partes poderán facer constar a presente colaboración sen que isto supoña que se autoriza para o uso da imaxe corporativa para un fin diferente ao das actividades reguladas no Convenio sendo necesaria, en todo caso, a autorización expresa da USC para facer uso do seu logotipo por calquera medio de difusión.

Décimo segunda.- Protección de datos



As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas durante a súa execución, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o no Regulamento 2016/679 da UE

A información sobre protección de datos da USC poderase solicitar na dirección electrónica: protecciondatos@usc.gal

A información sobre protección de datos de FEGADACE poderase solicitar na dirección electrónica: fegadace@fegadace.org

Décimo terceira.- Natureza do Convenio

O presente Convenio queda excluído da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de acordo co establecido no seu artigo 6, e ten natureza administrativa, sendo competencia da xurisdición Contencioso-Administrativa a resolución das cuestións litixiosas que se susciten sobre o mesmo.

E en proba de conformidade con canto antecede, ambas partes subscriben o presente Convenio mediante sinatura electrónica.

Pola USC



O Reitor
Antonio López Día

Pola FEGADACE



O Presidente
Luciano Fernández Pintor